

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN, DO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIS.

PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Por mor da liquidación da empresa (CELTAPRIX), que viña prestando o servizo mancomunado de recollida de residuos sólidos urbanos, o Concello de Meis adxudicou con carácter de urxencia mediante procedemento negociado, unha nova contratación do servizo no pasado exercicio 2017.

Finalizado o período previsto no contrato tramitado mediante procedemento negociado, continúaase coa prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria, "SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS", en tanto non se adxudique o contrato mediante procedemento aberto.

Iniciado en 2019, mediante procedemento aberto, o contrato de concesión do servizo; éste foi obxecto de desestimento por acordo do pleno de 29-11-2019.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación das prestacións propias desta contratación.

Vista a insuficiencia de medios para proceder á realización das prestacións pola propia administración.

Resultando acreditada a necesidade da contratación.

Vista a documentación preparatoria do contrato de concesión do servizo público de xestión de residuos de competencia municipal do Concello de Meis , confeccionada pola empresa "LAGARES OCA SL", que se compón de:

- *Anteproxecto de explotación, memoria xustificativa, estrutura de custes e estudo de viabilidade do contrato de concesión, documentos aprobados en sesión do pleno do Concello de 02-10-2020.

- *Prego de condicións administrativas particulares, que prevé un orzamento base anual de licitación de 317.112,52€ sen IVE (348.823,77€ con IVE) e un valor estimado do contrato de 4.122.462,77€, por un período de 10 anos e un ano de prórroga.

- *Prego de prescripcións técnicas.

Visto o Regulamento do servizo municipal de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e asimilables, aprobado en sesión do pleno municipal de 02-10-2020, que resultou definitivamente aprobado.



O procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, constitúe a forma idónea de adxudicación do contrato, dadas as características das prestacións a realizar.

DISPOÑO:

Primeiro.- Ordenar a incoación de expediente de contratación da concesión do servizo público de xestión de residuos de competencia municipal do Concello de Meis, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

Segundo- A incorporación do informe de insuficiencia de medios.

Terceiro.- A emisión por parte da intervención xeral de xustificante de existencia de crédito, coa previsión de inicio do contrato a partir do segundo semestre do ano.

Cuarto.- Que se informe pola secretaría sobre os trámites e actos preparatorios do devandito expediente de contratación.

A Alcaldesa

Marta Giráldez Barral

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

